



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE OURENSE

En Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2016

REÚNENSE

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. _____, nomeado mediante Decreto 255/2012, do 20 de decembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Diocese de Ourense**, provista de código de identificación fiscal, R-3200001J intervindo neste acto na súa representación o Excmo. e Rvdo. Sr. _____ bispo de Ourense.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

TERCEIRO .- A Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas competencias o de procurar que os emigrantes galegos e os seus descendentes manteñan e reforcen os seus vínculos con Galicia. Para elo, entre outras actuacións, ven prestando apoio a todos aqueles que procuren a busca de familiares ou de documentación que identifique a súa orixe, servindo de intermediación entre eles e as fontes onde se gardan os conseguíntes arquivos xenealóxicos



CUARTO.- O longo traxecto percorrido pola diáspora do pobo galego, comezada ao inicio do século XIX, na procura, as mais das veces, de mellores condicións de vida, deu orixe a que viva fóra de Galicia un maior número de galegos ou descendentes que na propia terra. O transcorrer do tempo e o propio paso das xeracións de descendentes así como as vicisitudes históricas que aconteceron nestes séculos tanto en España e Galicia como nos estados nos que se asentaron, teñen forzado, as veces, a perda do contacto e da vinculación coa Galicia territorial e as súas familias de orixe dun grande número deles, malia que o espírito de pertenza e profundo cariño á terra e a súa cultura teña permanecido como unha herdanza irrenunciable que se transmitiu entre xeracións, moi especialmente nos países da rexión denominada Hispanoamérica.

Todo o antedito dá orixe a un permanente e grande número de persoas que manifestan o seu desexo de recuperar esa vinculación real, ven na procura de familiares ou lugares de orixe ben na procura da propia nacionalidade española. Esta última circunstancia viuse enormemente impulsada pola promulgación da chamada “Lei da Memoria Histórica” (Lei 52/2007), polo Estado español que orixinou que dende a súa publicación, moitas dúcias de milleiros de descendentes se mobilizasen na procura da documentación que lles posibilitase acadar a ansiada nacionalidade española.

Os vieiros que utilizan os demandantes de documentación ou ven de familiares ou lugares de orixe de antecesores son fundamentalmente os que a propia administración galega pon ao seu dispor a través da Secretaría Xeral da Emigración ou ven directamente o través das fontes nas que se gardan os documentos de filiación: Os arquivos Diocesanos, os rexistros civís ou os propios concellos.

QUINTO.- O Arquivo Central Parroquial Diocesano de Ourense ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da Diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social. Estes fondos documentais son de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a demostrar a súa ascendencia galega a moitos dos descendentes dos emigrantes galegos.

Entre os fondos parroquiais atópanse os “libros sacramentais”. Estes libros teñen o seu comezo no século XVI e nestes anotábanse polos párrocos a celebración dos diversos sacramentos celebrados nas parroquias como bautismos, matrimonios e defuncións, facendo constar neles, ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, nome e orixe dos seus pais e dos seus avós así como o nome e domicilio dos padriños. Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.

SEXTO.- Dadas as características das actuacións a desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaría xeral, tendo en conta o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera ao Arquivo Central Parroquial Diocesano de Ourense, como idóneo para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrência pública pois estes fondos atópanse unicamente nos libros sacramentais das Dioceses e subscríbense convenios coas cinco Dioceses que abranguen toda a distribución territorial de carácter relixioso da Comunidade Autónoma de Galicia.



Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da súa ascendencia galega aos emigrantes galegos e aos seus descendentes co fin de poder acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos Fondos Parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Ourense.

SEGUNDA. COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A **Secretaría Xeral da Emigración** obrígase a:

Subvencionar coa cantidade de **catro mil euros (4.000 €)** os gastos correntes para facilitar a emisión de certificados acreditativos ou consultas sobre a ascendencia aos emigrantes galegos e aos seus descendentes, tales como gastos de persoal, material e demais bens e servizos. A indicada contía será con cargo á aplicación orzamentaria **04.30.312C.481.0.** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

2.- A **Diocese de Ourense** obrígase a:

- Emitir certificados de ascendencia aos emigrantes galegos e aos seus descendentes por medio da consulta dos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano.

- Informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos Fondos Parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Ourense, dende 1850 ata o momento presente.

- Realizar actuacións co fin de facilitar o acceso e difusión deste importante patrimonio documental.

- Facilitar á Secretaría Xeral da Emigración información detallada acerca da súa actividade en relación co obxecto do presente convenio cando esta llo requira. Permitirlle o libre acceso aos fondos documentais do arquivo, agás aqueles sobre os que existise algún impedimento de tipo legal

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar no referente a obtención da subvención con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



TERCEIRA. PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

En virtude do disposto no Título III do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, artigos 42 e 44, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa, debendo a entidade achegar para elo a seguinte documentación:

- Memoria do Arquivo Diocesano acreditativa da realización das accións previstas no convenio obxecto da subvención, a que se engadirá unha relación nominativa e numerada das partidas expedidas polo Arquivo Diocesano, asinada polo seu director.

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio.

- Certificación dos gastos soportados para a realización das actividades obxecto de subvención, aos que se lle engadirán os documentos xustificativos dos devanditos gastos. A estes efectos, de conformidade co establecido no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario.

En virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros.

Trala sinatura deste convenio, procederase a efectuar, en concepto de pago anticipado, unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas neste, atendendo o disposto no artigo 63.1. Un do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e por unha contía de **tres mil douscentos euros (3.200 €)**.

De conformidade co establecido no artigo 65.4 h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Diocese de Ourense queda exonerada da constitución de garantías das cantidades recibidas como pago anticipado, por ser unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve proxectos de acción social.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento aportaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda co Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

O prazo de xustificación do presente convenio é ata o 15 de outubro de 2016, debendo procederse o seu pagamento final dentro dos trinta días seguintes a dita xustificación.



De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

SEXTA.- REINTEGRO

Procederáse ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.



A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Interpretar e resolver as dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título II da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

OITAVA .- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

NOVENA.- PUBLICIDADE, SEGUIMIENTO E COLABORACIÓN

A entidade beneficiaria presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería Facenda, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En virtude do establecido nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os convenios deberán ser publicados a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvenciones a través da súa páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia manterá un rexistro de convenios público e accesible, no cal se fará pública a información básica en materia de transparencia, NO PORTAL DA TRANSPARENCIA E GOVERNO ABERTO. Así mesmo, a Secretaría Xeral da Emigración publicará no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos, e publicará a través da súa páxina web <http://emigracion.xunta.gal> a relación dos beneficiarios e o importe



das axudas concedidas; polo que, a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

De acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral da Emigración remitirá á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias orixinal ou fotocopia compulsada deste convenio, unha vez asinado, para os efectos da súa inscrición en dito rexistro.

A Diocese de Ourense obrígase a:

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- En tódalas accións relacionadas coas actividades previstas no presente convenio que impliquen difusión impresa ou de calquera outro tipo deberán figurar de forma visible os logotipos da imaxe corporativa das entidades asinantes do mesmo.
- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ó seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Ter informada á Secretaría Xeral da Emigración do desenvolvemento das actividades subvencionadas.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Secretaría Xeral da Emigración, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo, Secretario Xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula sétima. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA



XUNTA DE GALICIA

galicia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de outubro de 2016, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen .

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2016.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA
EMIGRACIÓN

O BISPO DE OURENSE